

Tema 9. España no s. XX. De Primo de Rivera á Transición.

1. A ditadura de Primo de Rivera (1923-1930)

España durante o primeiro cuarto do s. XX estaba sumido nunha **profunda crise a tódolos niveles**.

En medio desta crise produciuse a **derrota de Annual (1921)** na **guerra de Marrocos**.

O xeneral **Miguel Primo de Rivera** deu un **golpe de Estado** coa aprobación do rei.

Desta forma **implantouse unha ditadura militar** en que Primo de Rivera suspendeu a Constitución, disolveu as Cortes e prohibiu os partidos políticos e os sindicatos.

Tamén acabou coa guerra en Marrocos en 1927, tras o éxito do **desembarco de Alhucemas (1925)**.

A ditadura **mantívose ata 1930** grazas á **prosperidade económica** da década de 1920.

Realizáronse **numerosas obras públicas** (estradas, encoros...) e **potenciouse a industria**.

Creáronse **monopolios estatais** nas telecomunicacións (Compañía Telefónica Nacional de España) e a subministración de petróleo (CAMPESA).

A partir de **1927**, o **réxime comezou a ser criticado** por intelectuais, estudantes, colectivos obreiros e grupos nacionalistas. En **1929**, ante esta oposición, **o rei retirou o seu apoio a Primo de Rivera**, que **dimitiu en xaneiro de 1930**.

Afonso XIII encargou **formar un novo Goberno** que **restableceu a Constitución de 1876** e convocou **eleccións municipais** para abril de 1931. Pero **a oposición ao rei era xa moi forte**, ao consideralo cómplice da ditadura. Políticos republicanos, socialistas e catalanistas asinaron o **Pacto de San Sebastián (1930)** co obxectivo de **derrocar a monarquía**.



2. A IIª República (1931-36).

2.1. O Goberno provisional e a Constitución de 1931.

O **12 de abril de 1931** celebráronse as **eleccións municipais** que deron o **triunfo ás candidaturas republicanas** en case todas as **capitais de provincia**. Aínda que o triunfo global foi dos monárquicos, o feito interpretouse como unha vitoria dos republicanos. Coñecido o resultado, **Afonso XIII exiliouse** e formouse un **Goberno provisional** que **proclamou a Segunda República española** o 14 de abril de 1931.


O **novo Goberno** estaba integrado polos **partidos que asinaron o Pacto de San Sebastián** e presidíao **Niceto Alcalá Zamora**.

Inmediatamente, **iniciou reformas e convocou eleccións a Cortes Constituíntes**, que **gañaron os partidos republicanos**. As Cortes elaboraron a **Constitución de 1931**, que implantou un **réxime plenamente democrático**.

As súas **principais novidades** eran as seguintes:

- O **recoñecemento de numerosas liberdades individuais** (expresión, reunión e asociación), o **dereito ao divorcio** e o **sufrexio universal masculino e feminino**.
- A declaración de España como **Estado aconfesional**, sen relixión oficial. Recoñecía-se a **liberdade de conciencia** e o dereito a recibir unha **educación laica**.
- A **descentralización territorial**, que admitía a posibilidade de crear **rexións autónomas**.
- A **importancia do benestar social**. Permitíase a **expropiación de bens de utilidade pública** e potenciábase a **ensinanza pública**.

6. ELECCIÓNS A CORTES CONSTITUÍNTES (28-6-1931)



2.2. O Bienio Reformista (1931-33).

A Constitución non logrou o consenso de toda a poboación, polo que o ambiente político se crispou: houbo incidentes na rúa e comezaron as conspiracións contra a República. En decembro de 1931, os republicanos máis moderados deixaron o Goberno, descontentos polos artigos da Constitución relativos á relixión. **Niceto Alcalá Zamora** ocupou a presidencia da República e **Manuel Azaña** foi designado **presidente do Goberno**.

Entre 1931 e 1933, Azaña continuou o labor reformista:

- Iniciouse a **reforma agraria**, que pretendía mellorar a vida dos campesiños. Aprobouse unha lei que autorizaba a expropiación con indemnización dos latifundios sen cultivar para repartir entre campesiños sen terra en réxime de arrendamento.
- Concedeuse a **autonomía a Cataluña**, coa aprobación do Estatuto catalán en 1932 e a creación da Generalitat.
- Aplicouse unha **reforma militar**. Reduciuse a duración do servizo militar. Esixiuse aos mandos xurar lealdade á República e quen non o fixese pasaba a reserva.
- Abordáronse **reformas laborais**: salarios mínimos e seguros de accidente.
- Reformouse a **educación**, co obxectivo de mellorar a sociedade. Construíronse 10000 escolas de ensinanza primaria e o orzamento de educación aumentou nun 50 %.
- Reguláronse o **matrimonio civil** e o **divorcio**.

O Goberno tivo que facer fronte á **oposición** dos grandes propietarios de terras, das altas xerarquías da Igrexa e do Exército, que consideraban demasiado radicais as reformas, pero tamén dos anarquistas e dos sindicatos, que querían transformacións máis profundas.

En agosto de 1932 houbo un intento de **golpe de Estado** liderado polo xeneral **Sanjurjo**, que fracasou. Por outra parte, os anarquistas protagonizaron levantamentos e ocupacións de terras.

En **Castilblanco** (Badaxoz) houbo enfrontamentos entre os campesiños e a Garda Civil, e en **Casas Viejas** (Cádiz), un levantamento campesiño en 1933 foi duramente reprimido polas forzas da orde.

2.3. O Bienio Conservador (1933-1935).

En setembro de 1933 Manuel Azaña dimitiu e convocáronse **novas eleccións**. Nelas os partidos de centro e de dereita lograron un grande éxito.

A dereita uniuse na **Confederación Española de Dereitas Autónomas (CEDA)**, liderada por **José María Gil Robles**.

O centro dereita gañou as eleccións e, apoiado pola CEDA, o **Partido Radical de Alejandro Lerroux** fíxose cargo do Goberno.

Os gobernos do Bienio Conservador **modificaron** ou **suspenderon reformas** do período anterior: paralizouse a reforma agraria, concedeuse unha amnistía aos participantes no golpe de Estado do xeneral Sanjurjo e permitiúselles volver aos seus postos no Exército.

A tensión entre esquerdas e dereitas materializouse na **revolución de outubro de 1934**, que se produciu despois de que Lerroux nomease tres ministros da CEDA.

Os partidos de esquerda convocaron unha folga revolucionaria en outubro de 1934 para contrarrestar o suposto perigo que implicaba a CEDA para a República.

- A revolución triunfou en **Asturias**, onde as organizacións obreiras ocuparon a conca mineira co obxectivo de crear un goberno revolucionario. A revolución foi duramente reprimida.
- En **Cataluña**, o goberno autónomo sumouse á insurrección e Lluís Companys proclamou o Estado Catalán dentro da República Federal Española. Tras o fracaso desta insurrección, reprimida polo exército, a Generalitat foi disolta, e os líderes, encarcerados.

Tras sufocar a revolución, o Goberno entrou en crise. As diferenzas ideolóxicas e a **corrupción** no Partido Radical puxeron fin á coalición gobernante e convocáronse novas eleccións xerais para febreiro de 1936.

12. RESULTADOS NAS ELECCIÓNS XERAIS DE 1933



2.4. A Fronte Popular (1936).

Os grupos políticos de esquerda presentáronse ás eleccións de 1936 unidos na **Fronte Popular**, integrada por socialistas, comunistas, republicanos de esquerda e algunhas forzas nacionalistas.

Na dereita foran gañando peso os líderes extremistas: José Calvo Sotelo e José Antonio Primo de Rivera, líder do partido fascista, **Falange Española**.


A Fronte Popular ganou as eleccións cun número de votos moi axustado, aínda que logrou suficientes escanos para formar Goberno.

O novo Goberno retomou a **política de reformas** e liberou os presos da revolución de outubro de 1934.

En maio de 1936 Azaña substituíu a Alcalá Zamora como presidente da República.

A conflitividade social aumentou. Producíronse folgas, incendios de igrexas e enfrontamentos entre falanxistas e militantes das organizacións obreiras. Algúns militares, dirixidos polo xeneral Mola, comezaron a conspirar contra a República.

O 12 de xullo de 1936 pistoleiros da dereita asasinaron ao **tenente Castillo**, coñecido militar de esquerdas. Un día despois, os compañeiros do tenente Castillo asasinaron a **Calvo Sotelo**, líder da dereita. Este acontecemento precipitou a sublevación das tropas españolas do norte de África o 17 de xullo de 1936, dirixidas polo xeneral Franco.



14. CRONOLOXÍA DA SEGUNDA REPÚBLICA



3. A Guerra Civil

3.1. O golpe de Estado e a división de España

A sublevación do exército de África trasladouse á Península o 18 de xullo de 1936.

O golpe protagonizado polos xenerais Sanjurjo, Franco e Mola foi apoiado por unha parte do exército, así como polos **carlistas, monárquicos, conservadores, falanxistas** e gran parte da Igrexa. España quedou dividida así en **dúas zonas**:

- A zona dominada polos **sublevados**, que se denominaron **nacionais**, comprendía o norte de Castela, Galicia, o noroeste de Estremadura, algunhas cidades de Andalucía occidental, Navarra, Baleares (excepto Menorca) e Canarias.
- Os **republicanos** controlaban gran parte de Aragón, o norte de España (excepto Navarra), Cataluña, a zona levantina, Madrid e case toda Andalucía.

3.2. Política e economía en ambas as zonas.

* Tras o estalido da guerra, a autoridade do **Goberno republicano practicamente desapareceu**.

Os **sindicatos e algunhas organizacións populares** aproveitaron para realizar unha **revolución social** e expropiaron terras e fábricas. Ao tempo, organizáronse **milicias populares** (grupos

armados de civís) para **defender a República**, pero **careceron de coordinación** e mesmo se enfrontaron entre si. Meses despois creouse o **exército popular**, en que **se englobaron as milicias**, pero a desobediencia ao Goberno dalgúns grupos (anarquistas, nacionalistas...) debilitou o bando republicano.

O Goberno **republicano controlaba as finanzas estatais**. Nesta zona localizábanse as **rexións máis industrializadas** e as **principais concas mineiras**, pero os seus recursos agrarios eran **escasos**.

* Na **zona sublevada**, para **unificar o mando** creouse en Burgos a **Xunta de Defensa Nacional**. No outono de 1936, a Xunta nomeou a **Franco xefe de todos os exércitos** co título de **Xeneralísimo** e xefe do goberno e do Estado con plenos poderes. Tamén **se unificaron todas as forzas políticas** que apoiaran a sublevación nun único partido: **Falange Española Tradicionalista y de las Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista (FET y de las JONS)**.

A zona rebelde apenas contaba co 20 % da produción industrial de España, pero dispoñía, en cambio, do 70 % da produción agrícola e gandeira.

3.3. A Internacionalización do conflito

Cando estalou a guerra civil española, noutros países a opinión pública dividiuse entre os defensores do Goberno lexítimo da República e os partidarios dos golpistas.

O **Reino Unido e Francia convocaron unha conferencia** en que se asinou un **acordo de non intervención**, o que a longo prazo **prexudicou o Goberno republicano**. Non obstante, o **acordo incumpriuse e ambos os bandos obtiveron axuda exterior**:

- Os **rebeldes** recibiron armas e uns **200000 soldados da Italia fascista e da Alemaña nazi**, a cambio de **concesións mineiras** (magnesio, volframio, cobre...).
- A **República** obtivo **material bélico e asesoramento militar da URSS**, á que **pagou ao contado** cos depósitos de ouro do Banco de España. Contou, ademais, co **apoio de numerosos intelectuais, e miles de voluntarios estranxeiros** que se alistaron nas **Brigadas Internacionais**, un corpo de combatentes organizados pola Internacional Comunista, con sede en París.

3.4. Fases da Guerra.

a. A batalla de Madrid (xullo do 36-marzo do 37).

As **tropas de Marrocos**, as **máis preparadas do exército español**, cruzaron o **estreito de Xibraltar** e chegaron a **Cádiz**. Pasaron a **Extremadura e Toledo**.

A **ofensiva sobre Madrid** comezou no outono de 1936 e prolongouse durante aquel inverno.

O **Goberno da República abandonou Madrid** e encomendou a súa defensa a unha **Xunta Militar**.

A **chegada das Brigadas Internacionais e de avións e tanques soviéticos impediu a conquista da capital**. Ademais, os **exércitos sublevados foron derrotados nas batallas do Jarama e de Guadalaxara**.

Ao **fracasar o intento de conquista de Madrid**, concentraron os seus esforzos **noutras fronteas**.

b. A fronte norte (abril-outubro de 1937).

As **tropas de Franco dirixíronse ao norte** coa intención de conquistar as zonas industriais do cantábrico.

En abril a **aviación alemá (Lexión Cóndor)** **bombardeou a cidade vasca de Guernica**. O **"cinto de ferro de Bilbao"** **sera ocupado** no verán de 1937. Posteriormente caerán Santander e Asturias.

Os **republicanos contraatacaron en Brunete (Madrid) e Belchite**



21. A GUERRA ENTRE XULLO DE 1936 E MARZO DE 1937



22. A GUERRA ENTRE ABRIL E OUTUBRO DE 1937

(Zaragoza), co obxectivo de obrigar as tropas franquistas a retirar efectivos do norte, **pero fracasaron**.

Agora os **golpistas posuían os importantes recursos industriais e mineiros** desta zona. As tropas sublevadas puideron concentrar os seus efectivos na fronte oriental.

c. O final da guerra (outubro do 37-abril do 39).

O **Goberno republicano trasladouse a Barcelona**.


Franco dirixiuse a fronte oriental e en febreiro de 1938 **illou o territorio catalán do resto da zona republicana**. Para tratar de inverter a situación as tropas republicanas cruzaron o Ebro e atacaron o exército franquista desde a retagarda. Foi a cruenta **batalla do Ebro**, en que o exército republicano quedou practicamente destruído.

A **derrota definitiva** da República produciuse entre o **outono de 1938 e a primavera de 1939**.

Os **sublevados avanzaron por Cataluña** sen apenas oposición, tras intensos bombardeos. En xaneiro de 1939 **tomaron Barcelona**, en febreiro **Xirona** e en marzo entraron en **Madrid**. Despois **ocuparon os últimos territorios republicanos** (Valencia, Alacant, Cartaxena, etc.).. A guerra acabou o 1 de abril de 1939.



24. CRONOLOXÍA DA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA



4. A vida cotiá durante a guerra

A Guerra Civil modificou profundamente a vida cotiá dos españois en ambos bandos

4.1. A fame.

A guerra foi un tempo de **fame**. O **abastecemento de alimentos** supuxo un grave **problema**, sobre todo na **zona republicana**, xa que os **sublevados dominaron** desde o principio as **principais zonas cerealeiras e gandeiras**. Axiña se produciu o **acaparamento de víveres** por parte dos produtores co obxectivo de vendelos a maior prezo e, así, apareceu o **mercado negro**.

Ante esta situación, **impúxose o racionamento** dos alimentos. As autoridades estableceron as cantidades de **alimentos que se entregaban por persoa e día**.

Na **zona sublevada** non había estes problemas, pero **escaseaban a roupa e o calzado**.

4.2. Os bombardeos

Os habitantes das cidades situadas **na zona republicana viviron baixo o terror constante** de resultar feridos ou mortos nun **bombardeo**. **Madrid e Barcelona** foron as máis afectadas. A poboación buscaba **refuxio nos sotos dos edificios e nas estacións de metro**. Tamén se construíron **refuxios novos**, algúns dos cales contaban incluso con servizos e enfermaría.

4.3. Represalias.

A forma máis común de represalia foron os «**paseos**», sobre todo na zona nacional: un grupo armado sacaba do seu domicilio unha persoa, afastábana da localidade e asasinábana.

- As vítimas na zona sublevada foron principalmente líderes sindicais, membros de partidos de esquerdas, intelectuais, militares republicanos e mestres.
- Na zona republicana perseguíronse os caciques, os terratenentes, os empresarios e os membros do clero.

Os fusilados adoitaban ser enterrados en **fosas comúns** pola noite e sen ningún tipo de identificación. Aínda hoxe exhúmanse cadáveres de moitos destes enterramentos anónimos, vítimas sobre todo da represión franquista.

5. As consecuencias da Guerra Civil.

A Guerra Civil tivo **graves consecuencias económicas, demográficas, sociais, culturais e políticos**.

5.1. Consecuencias económicas

Durante a contenda, numerosas **infraestruturas e medios de transporte foron destruídos**: pontes, vías férreas e trens, barcos, etc. Aínda que se perdeu parte da maquinaria, non houbo grandes danos na industria. Non obstante, a guerra ocasionou o **derrubamento** dunhas 250000 **vivendas**. Perdéronse tamén grandes extensións de terras de cultivo e morreron moitas cabezas de gando.

5.2. Consecuencias humanas.

As **perdas humanas** foron cuantiosas. Calcúlase que faleceron unhas 145000 persoas na fronte, ás que hai que sumar 130000 vítimas da represión en ambos os bandos durante a contenda e entre 35.000 e 50.000 máis executadas polo réxime franquista na inmediata posguerra.

Moitas persoas da zona republicana abandonaron as súas casas por medo ao avance das tropas de Franco e convertéronse en **refuxiados que marcharon ao exilio**. A **saída masiva** produciuse tras a caída de Cataluña en 1939, cando uns 450000 republicanos cruzaron a fronteira francesa. Moitos foron acollidos en **Latinoamérica**, especialmente México, onde se instalaram uns 22000 exiliados.

5.3. Efectos culturais.

A Guerra Civil supuxo tamén unha **gran perda cultural e científica** para España. Aínda que algúns intelectuais apoiaron o bando sublevado (Manuel Machado. Salvador Dali. Miguel de Unamuno,...), **a maioría manifestou a súa fidelidade á República e tivo que exiliarse**. Entre eles encontrábanse Antonio Machado, Maria Zambrano, Castelao, Juan Ramón Jiménez, Pau Casals,...

6. Os primeiros anos do franquismo (1939-1949).

6.1. O franquismo, unha ditadura.

Tras a súa vitoria na Guerra Civil, Franco implantou en España unha **ditadura entre 1939 e 1975**.

- **Franco asumiu todos os poderes**: era xefe do Estado, xefe do Goberno e a máxima autoridade do Exército. Existían Cortes, pero só eran consultivas. Franco recibiu os títulos de **Caudillo de España e Xeneralísimo dos Exércitos**.
- **Existía un só partido legal, FET y de las JONS**, que agrupaba as forzas que apoiaran a sublevación contra a Segunda República.
- **Suprimíronse os dereitos e as liberdades**.
- **Prohibiuse calquera manifestación de nacionalismo rexional** e abolíronse os Estatutos de Autonomía de Cataluña e do País Vasco.

O franquismo **exerceu unha feroz represión**. O temor tixo que **miles de republicanos se exilasen**. Moitos dos que **quedaron foron encarcerados e condenados a traballos forzados ou executados**.

6.2. Os apoios do franquismo.

Os principais apoios do franquismo foron:

- **O Exército**. Encargouse da seguridade do Estado e foi o **principal pilar do réxime**. Numerosos militares ocuparon **cargos políticos importantes**.
- **A Igrexa católica**. Beneficiouse da **confesionalidade do Estado**, é dicir, do feito de que a relixión católica fose a oficial do Estado.

SABER MÁIS

A resistencia dos maquis

Maquis é o nome co que se coñece os grupos guerrilleiros que loitaron contra o réxime franquista ata comezos da década de 1950.

Estes guerrilleiros antifranquistas movíanse por zonas illadas de montaña. O seu nome fai referencia á densa matogueira mediterránea, a maquia, que lles servía, precisamente, para se agochar.

Controlou a ensinanza e marcou as normas de conduta.

- **Os terratenentes e grandes empresarios.** A burguesía rural beneficiouse da abolición da reforma agraria e a burguesía industrial, da inexistencia de sindicatos.
- **Un sector da clase media.** Era un grupo conservador que, ante todo, desexaba a paz.

6.3. Un Goberno de orientación fascista.

Franco mostrouse desde o principio **favorable ás potencias do Eixe**. En 1940 **entrevistouse con Hitler en Hendaia** para **negociar a entrada de España na guerra**, pero finalmente non se produciu.

Creouse a **División Azul** para **apoiar os nazis** na fronte rusa.

Tras a finalización da guerra, **as potencias vencedoras** intentaron **provocar a caída do franquismo**. **Illaron internacionalmente a España**: non foi admitida na ONU, case todos os países retiraron os seus embaixadores e Francia pechou a súa fronteira...

Os **falanxistas** tiveron **grande influencia na primeira etapa** do franquismo. A poboación encadrouse en numerosas organizacións que dependían de FET y de las JONS, como a

- **Organización Nacional Sindicalista**, que incorporou os obreiros e os empresarios;
- a **Sección Feminina**, que agrupaba as mulleres para realizar labores sociais, e
- a **Fronte de Xuventudes**, que organizaba actividades recreativas (excursións, estancias na praia ou na montaña...) co fin de captar a xente nova.



7. Afianzamento do réxime e desarrollismo (1950-1973).

7.1. A aceptación internacional.

A **situación internacional** de España **cambiou coa Guerra Fría**. **Estados Unidos** considerou que o réxime franquista **era**, ante todo, **anticomunista**, e que, por tanto, podería ser un **aliado**.

Por iso, **suavizouse o illamento** español ao final da década de 1940: reabriuse a **fronteira francesa** e as embaixadas **instaláronse novamente en España**.

En 1953 asináronse o **Concordato coa Santa Sé** e o **Tratado de Amizade Hispano-norteamericano**, que permitía a **instalación de bases militares** de Estados Unidos en España a cambio de **axuda económica** estadounidense. España foi **admitida en distintos organismos internacionais**: en 1951 ingresou na FAO; en 1952 na UNESCO e en **1955 na ONU**.



3. O presidente estadounidense Eisenhower saúda o xeneral Franco na súa visita a España en 1959.

7.2. Abandono do fascismo e xiro económico.

A situación internacional forzou a Franco a realizar **cambios no Goberno**. Os **falanxistas perderon influencia**, e a maioría dos **ministerios e altos cargos** foron ocupados por **católicos e monárquicos**. FET y de las JONS pasou a chamarse **Movemento Nacional**.

O novo ambiente político contribuíu a que se organizasen as **primeiras actuacións da oposición**. En **1956 houbo disturbios na Universidade de Madrid** e **folgas obreiras en Asturias e Cataluña**.

Na década de **1950 iniciouse un lixeiro crecemento económico** que permitiu suprimir o racionamento. A pesar disto, España seguiu sendo un dos países menos desenvolvidos de Europa. Ao **final da mesma década** chegaron ao Goberno **persoas vinculadas ao grupo católico Opus Dei**, que **aplicaron criterios técnicos** para **desenvolver a economía española**, os **tecnócratas**. En 1959 promulgouse o **plan de estabilización**, un decreto lei que recolleu diversas medidas:

- Eliminaronse as vantaxes fiscais ás empresas públicas e reduciuse o gasto público.
- Devaluouse a moeda (a peseta) para estimular os investimentos estranxeiros e o comercio.

Deste modo, abandonouse a autarquía e a economía española aproximouse ao sistema capitalista.

8. O final da ditadura (1973-1975).

8.1. A reorganización da oposición ao franquismo.

Na década de 1960 aumentou a oposición ao franquismo.

O **Partido Comunista (PCE)** presentou unha **política de reconciliación nacional**, co obxectivo de lograr a **alianza de todos os partidos que se opoñían á ditadura**. En 1962 **os partidos de oposición reuníronse en Múnic**, onde elaboraron un documento en que **condenaban o réxime franquista**.

En 1974, o **PSOE** comezou a súa **reorganización interna no Congreso de Suresnes (Francia)** e elixiu a **Felipe González** como secretario xeral.

Tamén se crearon **asociacións**, como a **Xunta Democrática de España (1974)** e a **Plataforma de Convergencia Democrática (1975)**, que **organizaron a oposición ao réxime**.

Ademais, naceron **novas formas de oposición**:

- Apareceu un **movemento veciñal**, que reclamaba melloras nos barrios (transporte e iluminación públicos, abastecemento de auga, etc.).
- Na universidade **adquiriu forza o movemento estudantil**, e os **intelectuais e os artistas** comezaron a **expresar publicamente o seu rexeitamento ao franquismo**.
- Desenvolveuse o **movemento sindical**, liderado por **Comisións Obreiras (CC.OO.)**.

Así mesmo, houbo **organizacións terroristas**, como **GRAPO, FRAP e ETA**, caracterizadas polos seus **métodos violentos**, que realizaron os primeiros **atentados con vítimas** xa na década de 1960.

8.2. A crise final do réxime.

A **crise do petróleo (1973)** afectou duramente a España. As súas principais manifestacións foron a **inflación**, debida á suba do prezo do petróleo, o **peche de empresas** e o **paro**. Reduciuse a chegada de turistas e de divisas dos emigrantes que, desempregados nos países aos que emigraran, regresaban a España. Con iso, o paro aumentou aínda máis.

A crise económica incrementou o **descontento social**. As **folgas** aumentaron, a pesar de ser ilegais.

A crise económica e unha maior oposición coincidiron coa **crise política**.

A **saúde de Franco deteriorábase** rapidamente e o réxime quería planificar o futuro. En 1973, Franco nomeou o almirante **Luis Carrero Blanco** xefe de **Goberno** para garantir a continuidade.

Pero, ese mesmo ano, **ETA asasinouno**.

Obrigado polos problemas, o franquismo reaccionou cunha **revitalización da represión**: decretou **estados de excepción** en varias ocasións e **aumentaron as detencións e as condenas a morte**, que afectaron a membros de ETA e do FRAP.

Tamén se produciu o **conflicto do Sáhara español**, que reclamaba a súa independencia. Marrocos aproveitou a debilidade do réxime para anexionalo na chamada **Marcha Verde**.

Nesta Situación, **Franco morreu o 20 de novembro de 1975**.

10. EVOLUCIÓN DO FRANQUISMO



9. A vida cotiá no franquismo.

9.1. Fame e miseria na posguerra.

Os **primeiros anos do franquismo** estiveron marcados pola **miseria e a fame**. O **rationamento**, en vigor desde 1939 ata 1952, non proporcionaba alimentos suficientes.

Moitas persoas acudían a **institucións de beneficencia** para comer e outras mendígaban. A malnutrición provocou un aumento das enfermidades: tuberculose, difterina, tifo...



9.2. A sociedade de consumo da década de 1960.

O **desenvolvemento económico** iniciado na **década de 1960** traducíuse nun **aumento do nivel de vida** dos españois.

Mellorou a alimentación, un maior número de españois **dispuxeron de electrodomésticos**, antes reservados aos máis acomodados, comprasen un **automóvil** ou instalasen **teléfono**...

As **vacacións pagadas** fixeron posible dispoñer dun **tempo de ocio**, en que moitos traballadores visitaban as súas localidades natais ou "veraneaban" nas praias españolas.

5. SERVICIOS NAS VIVENDAS ESPAÑOLAS

SERVIZOS	1950	1970
Auga corrente	33,7	77
Inodoro	51,8	76,6
Baño ou ducha	9	46,2
Teléfono	4	18,7
Calefacción	2,6	8,3

*Datos en porcentaxe respecto ao total de vivendas enquisadas.

9.3. A educación e a cultura de masas.

A **ensinanza** foi case un **monopolio da Igrexa católica**.

Gran parte dos **mestres republicanos** foron **apartados**.

A ensinanza debía contribuír a **difundir os valores do réxime**, o amor á patria, o papel secundario da muller, a mitificación da figura de Franco...

Ademais, os **espectáculos** estiveron sometidos a **censura**: prohibíuse a proxección de certas películas e cortábanse as escenas "inapropiadas".



8. Escola da primeira etapa do réxime franquista.

Era obrigatorio que na aula houbera un retrato de Franco e outro de José Antonio Primo de Rivera.